

**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 13 de decembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

DNA. TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**VOGAIS**

DNA. LUZ ABALO PÉREZ

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

D. XESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

**TÉCNICO**

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 13 de decembro de 2017 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15 de novembro de 2017, que se aprobou por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES**

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel Veiga López en representación de COM. PROP. DOCTOR TOURÓN 46, para execución de rampla en portal de edificio na Avda. Doutor Tourón nº 46 (Ref. Cat. 9156013NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 716/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Beatriz Meléndez Davila, para obras de adecuación interior e exterior de local comercial na Rúa Castor Sánchez nº 11-13 (Ref. Cat. 9463036NH1196S0023KP).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comúnicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 736/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Pablo M<sup>a</sup> Alvite Lorenzo en representación de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., para retirada de caixeiro en local comercial na rúa Ramón Piñeiro López nº 2, baixo. (Ref. Cat. 9666113NH1196N0001DO).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comúnicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 739/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Manuel García Pérez para cambio de portas de ascensor en edificio situado na Avda. Dr. Tourón nº 46. (Ref. Cat. 9156013NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comúnicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 741/17)

## **LICENZAS DE OBRAS MENORES**

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Claudia Viviana Corredor Muñoz, para legalización de reposición de carpintería exterior en fachada de local situado na Avda. da Mariña nº 76, baixo 1 (Ref. Cat.: 9364706NH1196S0002HK). (Expte. 225/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Oubiña Sanromán, para acometida á rede de auga na vivenda situada na Rúa Campanario nº 68 Bamio, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 798/06)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jesús Diz Delgado, para acometida á rede de auga na vivenda situada na Rúa Marxiada, 17 – Sobradelo (Ref. Cat.: 8451331NH1185S0001EL), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 719/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ana María Gómez Maquieira, para acometida á rede de auga na vivenda situada na Rúa do Pazo nº 26, Rubiáns (Ref. Cat.: 2340601NH2124S0001GD), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 728/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Encarnación Bóveda Martínez, para acometida á rede de auga na vivenda situada na Rúa A Granxa, 26, Bamio (Ref. Cat.: 0000902NH2200S0001OA), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.

- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 734/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Val López en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica – RBTS MUIÑO NOVO (Nº SDG: 248317070180), baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescripcóns Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. **Reposicións**  
**GABIA TRANSVERSAL**  
Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado **da gabia e 2 m. a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
6. **Autorizacións sectoriais**  
**Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida por AUGAS DE GALICIA (Clave DH.W15.59280)**
7. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
8. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
9. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
10. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
11. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortáranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.

12. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
13. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
14. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
15. A fianza de 500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 618/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Val López en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica – P.S. MESTRES TRIGO E PAZOS-SOB, 6 (Nº SDG: 248317080108), baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. **Reposicións**  
**GABIA TRANSVERSAL**  
Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado **da gabia e 2 m. a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
10. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de

vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.

11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. A fianza de 500,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 620/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jorge Álvarez Ruibal en representación de COMERCIAL MARTINEZ SANCHEZ S.L, para desprazamento de acometida á rede xeral de distribución de auga na Rúa Merlo nº 14 (Ref. Cat.: 0061919NH2106S)), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 751/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Benjamín Fernández Vilas, para construción de edificación para galpón na rúa Marxiada s/n, Sobradelo (Ref. Cat. 8451333NH1185S0001ZL), de conformidade co estudo técnico asinado polo Arquitecto Técnico D. Jose M. Millán Armas, de data xuño de 2017.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 370/17 ).

## **LICENZAS DE SEGREGACIONES**

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Benedicto Tobio Feijóo, para agrupación e posterior segregación de parcelas na Avda. de Rubiáns nº 48, de conformidade co proxecto redactado polo Arquitecto D. Alfredo Rojas Temprado e documentación complementaria achegada, segundo cal:

1º.- Parcelas iniciais:

- Parcela nº 1 cunha superficie total de 4076,58 m<sup>2</sup>, clasificados como Solo Urbano, ordenanza específica nº 6 (INDU), segundo o sinalado no PXOM de Vilagarcía, con frente a Avenida de Rubiáns.
- Parcela nº 2 cunha superficie total 5085,39 m<sup>2</sup>, clasificados como Solo Urbano, ordenanza específica nº 6 (INDU), segundo o sinalado no PXOM de Vilagarcía, con frente a Rúa Corrucho.

2º.- As fincas anteriores, **agrúpanse nunha única parcela** cunha superficie total de 9161,97 m<sup>2</sup>, clasificados como Solo Urbano, ordenanza específica nº 6 (INDU), segundo o sinalado no PXOM de Vilagarcía, con frente a Avenida de Rubiáns e a Rúa Corrucho.

3º.- A **finca resultante da agrupación segregase nas seguintes parcelas**, resultantes:

- **Parcela segregada 1.- Cunha superficie de 5675,52 m2** en Solo Urbano, ordenanza específica nº 6- INDU.
  - **Parcela segregada 2.- Cunha superficie de 899,00 m2** en Solo Urbano, ordenanza específica nº 6- INDU.
  - **Parcela segregada 3.- Cunha superficie de 2.025,19 m2** en Solo Urbano, ordenanza específica nº 6- INDU.
  - **Parcela segregada 4, de cesión a viais cunha superficie de 336,77 m2 con frente a Rúa Corrucho**, consta cesión dos citados terreos mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral en data 28.10.2017.
  - **Parcela segregada 5, de cesión a viais cunha superficie de 225,49 m2 con frente a Avenida de Rubiáns**, consta cesión dos citados terreos mediante acta suscrita ante a Secretaria Xeral en data 28.10.2017.
- As parcelas resultantes sitúanse, segundo figura no proxecto presentado, en Solo Urbano, e cumpren cos parámetros urbanísticos de aplicación, artigos 16 e ss da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a Ordenanza específica 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- As parcelas resultantes carecen da condición de edificables ata que non reúnan as condicións sinaladas nos artigos 18 da Lei 2/2016 e 27 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.
- O Concello non procedera a aceptar os terreos obxecto de cesión ata que non se atopen libres de cargas e gravames. (Exp. 485/17)

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jacinto Vidal Costoya, para acondicionamento de local comercial para tenda textil e complementos laborais na Rúa Estorniño nº 3 bx. 2, (Ref. Cat. 0061975NH2106S0049GY), de conformidade co proxecto asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Sabarís Escudero, visado coa data de 09/10/2017 e documentación complementaria visada o 13/11/2017.

Con carácter previa ao inicio das obras deberá achegar Ficha de Estatística da Vivenda e da Edificación.

No caso de que se cumpran alguna das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución .

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación de Taxa e ICIO, pola diferenza de orzamento das obras, xa que non consta no expediente.

– Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016). (Exp. 638/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Víctor Gamarra Fernández, en representación de MARCO E VITO RESTAURACIÓN S.L., para acondicionamento de local comercial para RESTAURANTE na Avda. Rodrigo de Menoza nº 26 (Ref. Cat. 9556227NH1195N), de conformidade co proxecto asinado polos Arquitectos D. Luis M. Velasco de Diego e D. Angel L. Cerro Moya, visado coa data de 24/10/2017.

No caso de que se cumpran alguna das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución .

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Con carácter previo ao inicio da actividade deberá achegar:

- Certificado final de obra asinado polo técnico director das obras.
  - Informe acústico segundo establece o artigo 11 do Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.
- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016). (Exp. 672/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Hugo Balsera Sanmiguel, para acondicionamento de local comercial destinado a servizos inmobiliarios na Rúa Arc. Xelmirez nº 1 Bx., local 1B (Ref. Cat. 9559801NH1196S0001JJ), de conformidade co proxecto asinado polo Enxeñeiro Industrial D. Miguel Ángel Fariñas Martín, visado coa data de 18/09/2017.

Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

– Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo



482/15 PROXECTO DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS PARA A DEFENSA, XESTIÓN E POSTA EN VALOR DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS. SOLICITANTE: D. JOSE ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS E/N PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE ILLAS ATLÁNTICAS. **(RETIRADO)**

## LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento – cambio de titularidade e documentación adxunta presentada por D. Francisco Javier Carrera del Barrio, para o desenvolvemento da actividade de 2.7.1. restaurante na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 10 bx., baixo as seguintes prescricións

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 28/11/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Aforo do local: 144 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 25/11/2016.

d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.

e) **TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.**

f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroke co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.

g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.

h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.

i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.

j) O aparato de son actualmente existente (UNHA TELEVISION) modelo e marca SAMSUNG UE32EH4003, con nº de serie: BATU3HBD907260V, foi precintada pola Policía Local con data 04/04/2017 a 49.4 dB(A), respectivamente, para un máximo permitido a 68 dB(A), estando o potenciómetro dos citados aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.

k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é dicir, á TELEVISION SAMSUNG E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.

l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.
- p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).
- k) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (Expte.: ACTCLA/2016/000052-TRANS.CLASIF).

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento – cambio de titularidade e documentación adxunta presentada por Dña. M<sup>a</sup> Emilia Alvarez Docampo para o desenvolvemento da actividade de 2.7.2. CAFÉ-BAR, na Rúa Camilo José Cela nº 18 Bx., baixo as seguintes prescricións:

- a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respectarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 28/11/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.
- c) Aforo do local: 42 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 07/04/2017.
- d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.
- e) **TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.**
- f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroque co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.
- g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.
- h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
- i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.
- j) O aparato de son actualmente existente (DUAS TELEVISIONS) modelo e marca SAMSUNG LE40B530PTW, con nº de serie: NON SE VEN, foron precintadas pola Policía Local con data 27/09/2017 a 67.3 dB(A) e 68.9 dB(A), para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro dos citados aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que pudiera producirse.
- k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é dicir, ás DUAS TELEVISIONS SAMSUNG E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.
- l) **NON SE PODERÁ EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**

- m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.
- ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).
- o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.
- p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).
- k) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010). (Expte.: ACTCLA/2017/000019-TRANS.ESPECT).

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Jacinto López Díaz, en representación de CENTRO MÉDICO JACINTO LÓPEZ S.L.U., para ampliación da actividade de centro médico na Avda. Agustín Romero nº 5 Bx., baixo as seguintes prescricións:

- a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 35 dB pola noite (22-8 horas) e de 40 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 75 dB polo día (8-22 horas) e de 65 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial con data 17/11/2017.
- c) Traballará coas portas e fiestras pechadas.
- d) Contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. (Expte.: ACTCLA/2017/00075-empredemento).

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. Claudia Viviana Corredor Muñoz, para o inicio e exercicio da actividade de aluguer de patins eléctricos e similares na Avda. A Mariña nº 76- porta 1ª. (Expte. ACTINOC/2017/8)

Visto o informe da Policía Local de data 13/11/2017 no que se indica que o local sito na Rúa Castelao nº 10 Bx. non hai aberto ao público ningún establecemento, infórmase favorablemente o desestímulo da comunicación de apertura de establecemento presentada por D. Antonio Nicolás Soto García en representación de MOLINER HOME S.L., para comercio polo miúdo de prendas de vestir e ampliación para comercio polo miúdo de ptos. textís para o fogar na rúa Castelao nº 10 bx. e que se proceda ó arquivo do expediente ACTINOC/2017/32.

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por dna. Estefania Camiño Longa, para o inicio e desenvolvemento da actividade de despacho profesional de psicoloxía na Rúa A Baldosa nº 1 4º B. (Expte. ACTINOC/2017/000055 )

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> de los Ángeles González Vázquez, en representación de ACADEMIA STUDIUM C.B., para o inicio e desenvolvemento da actividade de academia de estudos na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 2-3º D. ( Expte. ACTINOC/2017/000076 )

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M<sup>a</sup> Fátima Lema Alejandre, para o inicio e desenvolvemento da actividade de Comercio polo miúdo de prendas de vestir na Rúa Castor Sanchez nº 3 Bx. (Expte. ACTINOC/2017/69)

Vista solicitude formulada, con data 18/10/2012 por D. Javier Barros Otero en representación de LA METRO SANXENXO S.L., para a obtención de Licenza Municipal de Apertura de Establecemento para o exercicio da actividade de comercio polo miúdo de venda de prensa e golosinas na Rúa Arzobispo Lago nº 5 Bx. A, e vista a documentación que obra no expediente e os informes técnicos emitidos ao respecto, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, informa favorablemente a concesión de Licenza de Apertura de Establecemento e a expedición do título acreditativo da mesma. (Expte. 2012/52 Inocuas)

## **ASUNTOS VARIOS**

Informar favorablemente a aprobación definitiva do proxecto de urbanización en desenvolvemento da UEI Nº 21 do PXOM de Vilagarcía de Arousa, redactado polo Arquitecto D. Manuel J. Freijeiro Martínez e promovido por D. Francisco Gago Rodríguez en representación de MALLARIZO S.L. e que foi aprobado inicialmente mediante Resolución de Alcaldía de data 18/07/2017.

Vistos os informes técnicos e xurídicos emitidos ao respecto procede:

- Requirir a promotora para que proceda a prestar aval por importe do 10% do orzamento de execución material do proxecto (artigo 96.4º da LSG e 230 do Regulamento da Lei do Solo).

Comunicarlle, asemade, que de conformidade co previsto no artigo 28 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia “en solo urbano non consolidado e urbanizable non poderá ser edificado nin parcelado ningún terreo que non reúna a condición de soar, agás que se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación mediante aval que deberá alcanzar o custo estimado das obras de urbanización afectas ao terreo”, polo que no caso de querer simultanear a edificación e a urbanización o aval que deberá prestar deberá alcanzar o custo estimado das obras de urbanización afectas ao terreo e cumprir as condicións sinaladas no artigo 28 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

- Requirir ao interesado para que, de conformidade co establecido no Plan Especial de desenvolvemento da UEI-21, procedan a constituír entidade urbanística de conservación, que será a encargada de conservar a urbanización, polo que para a recepción das obras de urbanización será requisito necesario que a entidade urbanística de conservación se atope debidamente constituída.
- Finalizadas as obras, e antes da recepción polo Concello, debera achegarse informes, tanto do laboratorio de control de calidade como das empresas concesionarias e/ou subministradoras dos distintos servizos que acrediten a correcta execución e adecuación das obras ás necesidades de cadansúas instalacións, segundo se sinala no informe dos servizos técnicos.
- Cumprírase estritamente as condicións establecidas polas empresas de servizos e infraestruturas que obran no expediente.
- Cumpríranse estritamente as condicións establecidas pola Consellería de Infraestruturas e Vivienda, así como as condicións indicadas polo Enxeñeiro Técnico no seu informe de data 27.11.2017:

#### **Alumado Público**

- As luminarias a instalar serán de alta eficiencia enerxética de Tecnoloxía LED ou similar, e cumprirá o R.D. 1890/2008 do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumado exterior.
- O cadro Xeral de Mando e Protección dispondrá de dispositivos de protección contra sobretensións, e o encendido/apagado automático a través de reloxo astronómico.
- Tamén se recomenda regular os niveis de iluminación das luminarias, a través de drivers electrónicos regulables , DALI, 0 10 V, etc.

#### **Saneamento**

- Proponse continuar o colector CR-1 ata a zona Z1 para o posible vertido das augas residuais da planta sótano. (R.U 243)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.